

## **BENEFICIOS DA XORNADA ÚNICA**

1. Non prexudica a ninguén: o alumnado usuario de transporte sae e entra á mesma hora. As familias teñen máis facilidades porque poden recoller aos nenos e nenas ás 14:30 (ao rematar as clases), ás 15:15 h. (despois de xantar no comedor), ás 16:15 h. (no momento da saída dos buses) ou despois das actividades da ANPA e Concello. O persoal colaborador de comedor e o persoal coidador do transporte desempeñará a mesma función que coa xornada partida.
2. Terán o mesmo tipo de xornada que no IES Terra de Xallas e que nos demais centros educativos da comarca: A Baña, Negreira, Brión, Pepe de Xan Baña...
3. Os nenos e nenas poderán facer as tarefas da clase ou estudar en Polos Creativos despois do comedor e con profesorado do propio centro polo que poderían chegar á casa xa coas tarefas realizadas.
4. Evita que os nenos e nenas teñan clase pola tarde o que implica maior rendemento académico e se reduce o recreo da tarde e a conflitividade do mesmo.
5. Estabilidade do profesorado. O curso pasado abandonaron o noso centro 18 mestres ou mestras o que deriva nunha dificultade evidente para continuar os proxectos educativos de cursos pasados.
6. Mellora da limpeza das instalacións. Os días moi chuviosos pola tarde os corredores están encharcados e coa nova xornada reduciríase o perigo de accidente.
7. Incrementanse as posibilidades de que os nenos e nenas participen en máis actividades fóra do horario lectivo, por exemplo, asistir ao conservatorio de música ou actividades nos Concellos limítrofes.
8. O comedor queda blindado coa aprobación da xornada. Os pais e nais votan un proxecto que inclúe o servizo de comedor.
9. As familias disporán os luns dun horario fixo de atención con todo o profesorado do centro e con posibilidade de flexibilizalo segundo as necesidades das familias.
10. Pedimos un voto de confianza, confiade no profesorado que pasa moitas horas cos vosos fillos e fillas.